

# Verificación do resultado. Elaboración de documentación.

## Verificación do resultado

Para poder verificar o resultado das transformacións o xeito máis sinxelo é abrir o arquivo XML co navegador e se ese arquivo ten asociado unha folla XSL o propio navegador intentará realizar a transformación e amosarnos o resultado.

## Documentación de XML e XSL .

Sempre é unha boa documentar os nosos arquivos XML e XSL. Para elo poderemos empregar as etiquetas de comentario:

Notas:

1. Os comentarios non poden ir ó principio do documento. En XML, soamente a declaración de XML pode ir ó principio: **<?xml version="1.0" ?>**
2. Os comentarios non poden estar anidados un dentro dos outros. Deberemos pechar o primeiro comentario antes de abrir o segundo.
3. Non podemos escribir comentarios dentro doutras etiquetas.
4. Non deberíamos usar os dous guións (--) en ningún lugar salvo no comezo e final dos comentarios.
5. Calqueira cousa nos comentarios é invisible ó parser do XML, pero deberemos ser coidadosos para que todo sexa válido e esté ben formado.